



RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DA CONCESIÓN DIRECTA DUNHA SUBVENCIÓN EN ESPECIE CON CARÁCTER EXCEPCIONAL CENTRO COMERCIAL ABERTO DO CARBALLIÑO

Visto o expediente 1433/2020 correspondente á Proposta de gasto do aluguer dunha carpa para a Feira de stock do CCA, organizado polo Centro Comercial Aberto do Carballiño (Fra. nº 19 de Cátering Xantares S.L.U. con CIF B32468951, por importe de 719,00 €), e constando dos seguintes documentos:

1. Orzamento do gasto.
2. Previsión da existencia de crédito orzamentario para a actividade.
3. Proposta de gasto do Concelleiro de Cultura.
4. Proposta de pagamento do Concelleiro de Cultura.

E tendo en conta que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local, segundo o disposto na Ordenanza en vigor reguladora de subvencións do Concello do Carballiño, non tendo previsto en breve convocatoria de Xunta de goberno Local, e derivada da urxencia na aprobación de gasto para poder finalizar co expediente dentro do exercicio en curso, e segundo o disposto no artigo 10º sobre advocación de competencias, da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do sector público, e esta alcaldía ten delegadas as competencias en aprobación de subvencións,

RESOLVO:

1. Avocar as atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local para este asunto puntual.
2. Aprobar a subvención en especie, segundo o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e con carácter excepcional ao CENTRO COMERCIAL ABERTO DO CARBALLIÑO para a sufragar os gastos de aluguer de carpa para a celebración da feira de stock 2020 segundo o seguinte detalle:

Entidade beneficiaria	CIF	Importe
CENTRO COMERCIAL ABERTO DO CARBALLIÑO	B32468951	719,00 €

3. Ordenar á Intervención a súa contabilización con cargo a aplicación orzamentaria correspondente e a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Decreta, manda e asina o alcalde, e a secretaria dá fe pública.
Documento asinado dixitalmente.

